



Estimado/a socio/a,

Dirixímonos a ti para informarche que o día 09 de xuño tivo lugar unha Asamblea Xeral Extraordinaria de socios/as na Base de Protección Civil de Carballo, na que un dos puntos do día foi a dimisión voluntaria da, ata o de agora, Xunta Directiva.

Poñemos no teu coñecemento que nesta reunión dou comezo o proceso de eleccións para unha nova Xunta Directiva, establecendo así unha comisión xestora formada por:

Presidente:	José René Vilariño López	Dni 46.899.802 L
Secretario:	José Luis Lorenzo Serrano	Dni 52.435.433 X
Vocal:	Inés Lema Valiño	Dni 54.158.557 C

Serán as persoas que se encargarán de certificar o sucedido durante todo o proceso electoral (validación e presentación das candidaturas, recuento de votos e nomeamento do presidente electo) ata que o novo/a presidente/a asuma o seu cargo.

A Xunta Directiva debe de estar formada por un mínimo de 5 membros e un máximo de 20. Nesta deben constar os cargos de Presidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e Vocais.

Así mesmo, establécese unha data para a revisión do censo e unha data límite para a presentación de candidaturas:

- Revisión de Censo Electoral: **venres 19 de xuño de 19:00 a 22:00, no local de Protección Civil.**
- Presentación de Candidaturas: **ata mércores 24 de xuño ás 23:59**
- Convócase unha nova **Asamblea Extraordinaria** para a votación, o día **29 de xuño** ás 20.30 h., en 1ª convocatoria, e ás 21.00 h. en 2ª convocatoria, na Base de Protección Civil de Carballo.
- As bases reguladoras das eleccións expóranse no local de Protección Civil o 19 de xuño (durante o período de comprobación do censo), tamén se colgarán neste grupo e publicaranse na páxina web do clube.

Se queres presentar a túa candidatura á presidencia da Xunta Directiva do Clube Sysca, has de ser socio/a numerario/a, estar censado e dirixirte á comisión xestora na dirección de correo electrónico: elecciones.sysca@gmail.com, para comunicarlle a túa proposta, xunto con un programa de cómo tes previsto que sexa a túa xestión, cumprindo as bases establecidas.

Está creado un grupo de whatsapp con todos/as os/as socios/as numerarios/as do clube para que se poida seguir o proceso e estar ó corrente de todas as novidades. **Calquer pregunta, dúbida, comentario ás candidaturas deberá ser ó número de teléfono ou correo electrónico que aporten.** A xestora dará a coñecer todas as candidaturas presentadas como mínimo 2 días antes da próxima Asamblea Extraordinaria para que poidas valorar e sopesar o teu voto.

Sen outro particular, recibe un cordial saúdo.

Atentamente,

A comisión xestora.

P. D. En contra do que se comentou na Asamblea, pensamos que para que o proceso sexa máis xusto e transparente, non se poderán presentar ningunha candidatura a última hora e así o reflexamos no réxime electoral que vai regular estas eleccións.